

TORNEO APERTURA JÚNIOR / XUVENIL / CADETE / INFANTIL / ALEVÍN / BENXAMÍN

Normas específicas de Competición

Tempada 2026-2027

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar no Torneo Apertura todos os equipos que, estando ao corrente de pagamento das súas débedas coa FGVb formalicen a súa inscrición en tempo e forma na competición da categoría correspondente.

A FGVb establecerá cos equipos inscritos para cada categoría a orde clasificatoria de inicio de tempada con base na clasificación final da tempada 2025-2026. Os equipos de nova creación situaranse ao final da dita orde, por orde de inscrición.

Os seis primeiros equipos de cada categoría segundo esa orde clasificatoria integrarán a Copa Federación. A partir do 7º clasificado, os restantes equipos configuraranse no Torneo Apertura da categoría, por orde de clasificación.

Durante o Torneo apertura, en ningún caso poderán participar xogadores de outros equipos da mesma categoría cos equipos desta competición, polo que tampouco aplicará o art. 8.9 das Normas xerais de aliñación de encontros.

2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN E CLASIFICACIÓN

O Torneo Apertura configurarase en función do número total de equipos inscritos nas competicións de inicio de tempada, unha vez descontados os seis primeiros da orde clasificatoria que integren a Copa Federación.

O obxectivo do Torneo Apertura será determinar as prazas de Primeira, Segunda e do resto de divisións autonómicas que correspondan. En todos os casos, a competición estruturarase nas xornadas previstas no calendario oficial, ata determinar as catro prazas dispoñibles de Primeira División e as seguintes de Segunda e Terceira División, segundo o número de inscricións.

Descontados os equipos para a Copa Federación segundo o numero de equipos restantes, os formatos serán os seguintes:

- **Ata 4 equipos inscritos:** non se celebrará Torneo Apertura. Os equipos accederán directamente ao formato de liga regular das divisións que corresponda, segundo a orde clasificatoria.
- **Entre 5 e 12 equipos inscritos:** xogarase directamente a Segunda Fase, formada en grupos por concentración, a unha ou dúas voltas segundo o número de grupos, para determinar as catro prazas de Primeira División. O resto de equipos ocuparán as prazas de Segunda e Terceira División segundo a súa clasificación final no torneo.
- **A partir de 13 equipos inscritos:** configuraranse dúas fases. Descontando os equipos clasificados na Copa Federación e os seguintes 4 mellores clasificados, a primeira fase estruturarase en grupos por concentración a unha volta, para determinar a clasificación nos grupos para a segunda fase..

En todos os supostos, a composición concreta dos grupos e o número de voltas será determinado pola FGVb en función do número final de inscritos, atendendo á orde clasificatoria e ao principio de equilibrio competitivo.

Primeira Fase:

Para unha inscrición de 13 ou máis equipos por categoría, distribuíranse en grupos de 3, atendendo á orde clasificatoria establecida. Cada grupo disputará unha liga en formato de concentración, na sede do equipo mellor clasificado do grupo ou, no caso de que todos os equipos sexan de nova creación, mediante sorteo. Os tres encontros de cada grupo xogaranse de forma consecutiva, nos horarios de 10:00, 11:30 e 13:00, ou equivalentes.

Segunda Fase:

Na segunda fase, participarán os 4 equipos mellor clasificados (ou 12 no caso de que non houbera Primeira Fase), e os equipos que participaron na primeira fase, en formato de liga a dúas voltas por concentración, coa primeira xornada na casa do 2º mellor clasificado na tempada anterior, en tres quendas seguidas, e a segunda xornada na casa do 1º mellor clasificado na tempada anterior, tamén en tres quendas seguidas.

Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3	Grupo 4
Seed 7	Seed 8	Seed 9	Seed 10
4º Fase I	3º Fase I	2º Fase I	1º Fase I
8º Fase I	7º Fase I	6º Fase I	5º Fase I

Os primeiros clasificados dos grupos 1 a 4 terán praza na 1ª División Autonómica. E os outros 8 equipos terán praza na 2ª División Autonómica.

Grupo 5	Grupo 6
9º Fase I	10º Fase I
12º Fase I	11º Fase I
14º Fase I	13º Fase I

Os primeiros clasificados dos grupos 5 e 6 terán praza na 2ª División Autonómica. E os outros 4 equipos terán praza na 3ª División Autonómica.

Grupo 7	Grupo 8	Grupo 9	Grupo 10	Grupo 11	Grupo 12
15º Fase I	16º Fase I	17º Fase I	18º Fase I	19º Fase I	20º Fase I
26º Fase I	25º Fase I	24º Fase I	23º Fase I	22º Fase I	21º Fase I
32º Fase I	31º Fase I	30º Fase I	29º Fase I	28º Fase I	27º Fase I

Os primeiros clasificados dos grupos 7 a 12 terán praza na 3ª División Autonómica. E os outros equipos terán praza na 4ª División Autonómica.

3.- CLUBS CON VARIOS EQUIPOS INSCRITOS DA MESMA CATEGORIA

- Será de aplicación o art. das Normas Xerais respecto deste punto.

COPA FEDERACIÓN JÚNIOR / XUVENIL / CADETE / INFANTIL / ALEVÍN

Normas específicas de Competición

Tempada 2026-2027

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na Copa Federación os seis primeiros equipos de cada categoría segundo a orde clasificatoria de inicio de tempada, que estean ao corrente de pagamento das súas débedas coa FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición correspondente para a tempada.

A FGVb establecerá a orde clasificatoria de inicio de tempada con base na clasificación final da tempada 2025-2026, por categorías. Os equipos sen clasificación previa, non poderán acceder á Copa Federación.

En ningún caso poderán participar xogadores de equipos da mesma categoría cos equipos desta competición.

2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Competición de 6 equipos que constará de dúas fases autonómicas.

Primeira fase: disputarase en formato de liga a unha volta por concentración, a xogar na casa do equipo mellor clasificado na tempada anterior, en tres quendas seguidas, e os primeiros clasificados de cada grupo pasaran á seguinte fase.

Grupo I	Grupo II
Seed 1	Seed 2
Seed 4	Seed 3
Seed 6	Seed 5

Segunda fase: final que enfrontará aos primeiros clasificados dos Grupos A e B, nun único partido a xogar na casa do mellor clasificado na tempada anterior.

Emparellamentos da segunda fase:

Final: 1º Grupo I - 1º Grupo II

3.- CLASIFICACIÓN

O gañador do Final acadará o título de **Campión da Copa Federación** da categoría.

A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na primeira e segunda fase.

PRIMEIRA DIVISIÓN SÉNIOR / JÚNIOR / XUVENIL / CADETE / INFANTIL / ALEVÍN / BENXAMÍN

Normas específicas de Competición

Tempada 2026-2027

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición os equipos que participen na Copa Federación da categoría, ou que acadaran praza polo Torneo Apertura da categoría, que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición.

Se houberse prazas libres estas soamente poderán serán ocupadas co resto de equipos participantes no Torneo Apertura da categoría en función da súa clasificación.

No caso da categoría Sénior, poderán participar os equipos que por orde clasificatoria de inicio de tempada con base na clasificación final da tempada 2025-2026 teñan praza ata completar o máximo permitido.

Na categoría sénior, no caso de descensos de Categoría Nacional reorganizárase o orde clasificatorio perdendo o dereito a participar neste torneo un equipo de Terceira División e un equipo de nova creación alternándose ata deixar as vacantes suficientes para dar cabida aos equipos descendidos de Primeira División.

2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Competición de ata 10 equipos que constará de dúas fases autonómicas e unha Fase Final Nacional.

Primeira fase: Liga regular a dobre volta.

Segunda fase: enfrontaranse os catro mellores equipos da Liga Regular, co formato de semifinal e final a xogar a partido único no mesmo día nunha sede fixada pola FGVb, no Campionato Galego da categoría.

Os seis equipos restantes, xunto cos dous equipos mellor clasificados da primeira fase da liga regular de Segunda División, colocaranse en dous grupos de 4 equipos atendendo á clasificación da primeira fase, estruturándose en formato de liga a dobre volta.

Emparellamentos da segunda fase:

Campionato Galego:

Semifinal 1:	1º Clasificado da liga regular - 4º Clasificado da liga regular
Semifinal 2:	2º Clasificado da liga regular - 3º Clasificado da liga regular
3º e 4º posto:	Perdedor Semifinal 1 - Perdedor Semifinal 2
Final:	Gañador Semifinal 1 - Gañador Semifinal 2



Fase de promoción:

Grupo A	Grupo B
5º Primeira División	6º Primeira División
8º Primeira División	7º Primeira División
9º Primeira División	10º Primeira División
2º Segunda División	1º Segunda División

3.- CLASIFICACIÓN

A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na primeira e segunda fase.

O gañador da Final da segunda fase acadará o título de **Campión Galego 2026/2027** da categoría. No caso de que non haxa ningunha solicitude de organización da Final da segunda fase a clasificación final dos catro equipos con dereito a participar será a da Primeira Fase, o primeiro clasificado da liga regular acadará o título de **Campión Galego 2026/2027** da categoría.

Os dous primeiros equipos por orde da clasificación final terán dereito a participar na Copa Federación, e terán praza na Primeira División da categoría na tempada 2026-2027, a excepción da categoría Sénior, onde os 10 primeiros clasificados terán praza na Primeira División da categoría na tempada 2026-2027.

SEGUNDA DIVISIÓN SÉNIOR / JÚNIOR / XUVENIL / CADETE / INFANTIL / ALEVÍN / BENXAMÍN

Normas específicas de Competición

Tempada 2026-2027

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición os equipos que acadaran praza no Torneo Apertura da categoría, que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición.

Se houberse prazas libres estas serían ocupadas cos resto de equipos participantes no Torneo Apertura da categoría en función da súa clasificación e, finalmente, cos de nova creación.

No caso da categoría Sénior, poderán participar os equipos que por orde clasificatoria de inicio de tempada con base na clasificación final da tempada 2025-2026 teñan praza ata completar o máximo permitido.

2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Competición de ata 10 equipos que constará de dúas fases autonómicas.

No caso de que non se acade o mínimo de 4 equipos inscritos, a FGVb podería determinar un formato de competición excepcional para evitar que os equipos queden sen competición, ou ben aplicar o exposto nas Normas Xerais ao respecto.

Primeira fase: Liga regular a dobre volta.

Segunda fase: os dous equipos mellor clasificados da primeira fase da liga regular, xogarán xunto cos seis equipos peor clasificados da primeira fase da liga regular de Primeira División.

Os oito equipos restantes, xunto cos catro mellor clasificados da Terceira División, colocaranse en tres grupos de 4 equipos atendendo á clasificación da primeira fase, estruturándose en formato playoff, a xogar na casa do equipo mellor clasificado na primeira fase, a disputar todos os encontros en dúas xornadas separadas en mañá e tarde.

Emparellamentos da segunda fase:

Grupo C	Grupo D	Grupo E
3º Segunda División	4º Segunda División	5º Terceira División
8º Segunda División	7º Segunda División	6º Terceira División
9º Segunda División	10º Segunda División	1º Terceira División
4º Terceira División	3º Terceira División	2º Terceira División

3.- CLASIFICACIÓN

A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na primeira e segunda fases.

TERCEIRA DIVISIÓN SÉNIOR / JÚNIOR / XUVENIL / CADETE / INFANTIL / ALEVÍN / BENXAMÍN

Normas específicas de Competición

Tempada 2026-2027

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición os equipos que acadaran praza no Torneo Apertura da categoría, que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición.

Se houberse prazas libres estas serían ocupadas cos resto de equipos participantes no Torneo Apertura da categoría en función da súa clasificación e, finalmente, cos de nova creación.

2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Competición de ata 10 equipos que constará de dúas fases autonómicas. No caso de que non se acade o mínimo de 6 equipos inscritos, a Terceira División terá o formato da Cuarta División, incluídas as tarifas de custes federativos. (Non así os custes arbitrais).

Primeira fase: Liga regular a dobre volta.

Segunda fase: Os catro equipos mellor clasificados da primeira fase da liga regular, xogarán xunto cos oito equipos peor clasificados da primeira fase da liga regular de Segunda División.

Os seis equipos restantes, xunto cos seis mellor clasificados da Cuarta División, colocaranse en tres grupos de 4 equipos atendendo á clasificación da primeira fase, estruturándose en formato playoff, a xogar na casa do equipo mellor clasificado na primeira fase, a disputar todos os encontros en dúas xornadas separadas en mañá e tarde.

Emparellamentos da segunda fase:

Grupo F	Grupo G	Grupo H
5º Terceira División	6º Terceira División	7º Terceira División
10º Terceira División	9º Terceira División	8º Terceira División
1º Cuarta División	2º Cuarta División	3º Cuarta División
6º Cuarta División	5º Cuarta División	4º Cuarta División

3.- CLASIFICACIÓN

A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na primeira e segunda fases.

CUARTA DIVISIÓN SÉNIOR / JÚNIOR / XUVENIL / CADETE / INFANTIL / ALEVÍN / BENXAMIN

Normas específicas de Competición

Tempada 2026-2027

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na Cuarta División todos os equipos que, estando ao corrente de pagamento das súas débedas coa FGVb e téndose inscrito en tempo e forma na competición para a tempada correspondente, formalicen a súa inscrición no prazo establecido. A inscrición na Cuarta División pode ser independente da inscrición nas competición de Apertura.

Ademais, os equipos que por clasificación final do torneo apertura queden fora da 3ª División, quedarán inscritos na 4ª División.

2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Esta competición non terá límite de equipos e constará de dúas fases autonómicas.

A primeira fase estruturarase en formato de liga a dobre volta, na que os equipos conformarán grupos de 6 equipos como máximo, agrupados baixo un criterio de proximidade xeográfica. O número mínimo de equipos necesario para conformar un grupo propio será de 3, e podendo xogar a liga en xornadas por concentracións.

Segunda fase: Promoción para os 6 mellores equipos para a segunda fase da 3ª División, e os demais equipos poderían xogar unha fase de cruces entre os diferentes grupos xeográficos, segundo os resultados obtidos na primeira fase, que non renunciaran en tempo e forma, xunto a equipos de nova inscrición, e con formato a determinar segundo o número de equipos participantes.

3.- CLASIFICACIÓN

A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na segunda fase.

CAMPIONATO GALEGO MÁSTER

Normas específicas de Competición

Tempada 2025-2026

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición todos os equipos que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición.

2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Esta competición non terá límite de equipos e constará dunha única fase, que se xogará por concentración en un día. O sistema de competición dependerá do número de equipos inscritos pero deberá garantir que cada equipo xogue como mínimo 2 encontros.

3.- INSCRICIÓN E LICENZAS

3.1.- Para que un equipo poida ser inscrito o club ao que pertenza deberá estar afiliado a FGVb e presentar na FGVb o modelo NG1.

3.2.- Haberá tres categorías: masculino, feminino e mixto.

3.3.- Os equipos poderán inscribir un mínimo de 8 e un máximo de 14 xogadores por equipo.

3.4.- Os participantes deben ser todos maiores de 35 anos, e non puideron ter licenza oficial nin de pista nin de praia no último ano natural.

3.5.- Non será obrigatorio inscribir adestrador, pero si un delegado que será a persoa responsable do equipo.

3.6.- A tarifa de inscrición será de 60€ por equipo.

3.7.- Todos os xogadores inscritos deberán ter seguro deportivo en vigor, aqueles que non o teñan poderán tramitar un seguro de día por 4€.

4.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

4.1.- Non haberá límite no número de licenzas que se poden tramitar de xogadores que non teñan a RFEVB como Federación de orixe, sempre que non se supere o número máximo de licenzas permitido por equipo.

4.2.- Aplicaranse as mesmas normas que na Primeira División Sénior Galega, agás nos seguintes aspectos:

- Os encontros xogaranse ao mellor de 3 sets: dous de 25 puntos e un terceiro, se fixera falta, de 15 puntos.
- Haberá dous tempo mortos de 60 segundos por equipo e set.
- O número de cambios será ilimitado, tanto no número de cambios coma no de veces que se poderá facer e desfacer cada cambio.

COPA ALEVÍN

Normas específicas de Competición

Tempada 2026-2027

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición todos os equipos que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición.

As licenzas tramitaranse por cada club, sen límite de xogadores nun mesmo cuádruplo. Sendo preciso inscribir os equipos en cada unha das probas a celebrar.

As inscricións a cada unha das probas realizaranse antes das 12:00h do martes anterior a cada unha destas, podendo escoller cada club, o número de equipos participantes e a composición dos mesmos en base ás licenzas que nese momento teña tramitadas, cun mínimo de catro e un máximo de dez xogadores por equipo.

As inscricións para a segunda fase ou Fase Final, realizaranse antes das 12:00h do martes anterior a celebración, presentando o modelo designado podendo escoller cada club a composición do equipo en base ás licenzas que nese momento teña tramitadas, cun mínimo de 4 máximo de 10 xogadores por equipo e dous adestradores. Durante a competición poderán ser alineados en cada encontro ata o máximo de 10 xogadores inscritos co equipo que cumpran os requisitos regulamentarios para ser aliñados.

2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Cada Club poderá inscribir ata un máximo de 5 equipos por categoría e xénero en cada proba. Todas as probas serán abertas a calquera club galego. Farase un mínimo de seis probas en formato de concentración, o número mínimo de equipos necesario para levar a cabo unha proba será de 3 de distintos Clubs.

O sistema de competición de cada proba dependerá do número de equipos inscritos pero deberá garantir que cada equipo xogue como mínimo 2 encontros.

3.- CLASIFICACIÓN

Establecerase unha clasificación xeral de todos os grupos atendendo aos seguintes criterios:

- En cada proba ou torneo establecerase unha clasificación e outorgaranse puntos en función desta para cada equipo. Os puntos outorgaranse ao club ao que pertenza o equipo. Estes puntos iranse sumando nunha lista ou ranking que definirá á conclusión de todas as probas, a clasificación definitiva, sendo o equipo que ocupe a primeira posición da clasificación o campión.
- Cada proba terá un valor igual a 10 (dez) puntos, multiplicados polo número total de equipos participantes nela. Este valor repartirase entre os dez primeiros equipos clasificados da seguinte forma:
 - o 1º equipo clasificado 100% do Valor da proba.
 - o 2º equipo clasificado 50% do valor da proba
 - o 3º equipo clasificado 25% do valor da proba

- 4º equipo clasificado 20% do valor da proba
 - 5º equipo clasificado 15% do valor da proba
 - 6º equipo clasificado 10% do valor da proba
 - 7º equipo clasificado 5% do valor da proba
 - 8º equipo clasificado 4% do valor da proba
 - 9º equipo clasificado 3% do valor da proba
 - 10º equipo clasificado 2% do valor da proba
- En caso de empate a puntos aplicaranse os baremos de partidos gañados, coeficiente de sets, coeficiente de puntos e resultados dos enfrontamentos directos entre os equipos empatados.

4.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

4.1.- Non haberá límite no número de licenzas que se poden tramitar de xogadores que non teñan a RFEVB como Federación de orixe, sempre que non se supere o número máximo de licenzas permitido por equipo.

4.2.- Admitirase, sen limitación de número, a aliñación de xogadores con licenza benxamín nun equipo alevín.

4.3.- O balón oficial será o Molten Pequevoley V5-SPMB / SP1. Autorízase tamén, en ausencia do anterior, o uso de similares características técnicas que ten que ser autorizado pola FGVb.

4.4.- Os xogadores con autorización para participar nas Competicións de Primeira, Segunda Terceira ou Cuarta División Autonómica Alevín poderán participar con esa licenza nos encontros do seu Club na Copa Alevín.

COPA BENXAMÍN

Normas específicas de Competición

Tempada 2026-2027

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición todos os equipos que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición.

As licenzas tramitaranse por cada club, sen límite de xogadores nun mesmo cuádruplo. Sendo preciso inscribir os equipos en cada unha das probas a celebrar.

As inscricións a cada unha das probas realizaranse antes das 12:00h do martes anterior a cada unha destas, podendo escoller cada club, o número de equipos participantes e a composición dos mesmos en base ás licenzas que nese momento teña tramitadas, cun mínimo de catro e un máximo de 10 xogadores por equipo.

As inscricións para a segunda fase ou Fase Final, realizaranse antes das 12:00h do martes anterior a celebración, presentando o modelo designado podendo escoller cada club a composición do equipo en base ás licenzas que nese momento teña tramitadas, cun mínimo de 3 e un máximo de 10 xogadores por equipo e dous adestradores. En cada partido só se poden aliñar un máximo de 8 xogadores (dos inscritos no modelo designado) que cumpran os requisitos regulamentarios para ser aliñados.

2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Esta competición non terá límite de equipos e constará de dúas fases.

Primeira fase: Probas abertas a calquera club galego. Farase un mínimo de catro probas en formato de concentración, o número mínimo de equipos necesario para levar a cabo unha proba será de 3.

O sistema de competición de cada proba dependerá do número de equipos inscritos pero deberá garantir que cada equipo xogue como mínimo 2 encontros.

Segunda fase: Os oito mellores equipos de entre todos os grupos participaran en formato concentración no Campionato Galego da categoría.

3.- CLASIFICACIÓN

A hora de establecer os equipos que se clasifican para xogar a fase final así como os emparellamentos entre eles establecerase unha clasificación xeral de todos os grupos atendendo aos seguintes criterios:

- En cada proba ou torneo establecerase unha clasificación e outorgaranse puntos en función desta para cada equipo. Os puntos outorgaranse ao club ao que pertenza o equipo. Estes puntos iranse sumando nunha lista ou ranking que definirá á conclusión de todas as probas, a clasificación definitiva nesta fase.

- Cada proba na primeira fase terá un valor igual a 10 (dez) puntos, multiplicados polo número total de equipos participantes nela. Este valor repartirase entre os dez primeiros equipos clasificados da seguinte forma:
 - o 1º equipo clasificado 100% do Valor da proba.
 - o 2º equipo clasificado 50% do valor da proba
 - o 3º equipo clasificado 25% do valor da proba
 - o 4º equipo clasificado 20% do valor da proba
 - o 5º equipo clasificado 15% do valor da proba
 - o 6º equipo clasificado 10% do valor da proba
 - o 7º equipo clasificado 5% do valor da proba
 - o 8º equipo clasificado 4% do valor da proba
 - o 9º equipo clasificado 3% do valor da proba
 - o 10º equipo clasificado 2% do valor da proba
- Os oito clubs con maior puntuación na clasificación final do ranking, serán os que obteñan unha praza para participar na segunda fase ou Fase Final do Campionato Galego Benxamín.
- A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na segunda fase. En caso de empate a puntos aplicaranse os baremos de partidos gañados, coeficiente de sets, coeficiente de puntos e resultados dos enfrontamentos directos entre os equipos empatados.

4.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- 4.1.-** Esta competición disputarase en categoría masculina e feminina.
- 4.2.-** Non haberá límite no número de licenzas que se poden tramitar de xogadores que non teñan a RFEVB como Federación de orixe, sempre que non se supere o número máximo de licenzas permitido por equipo.
- 4.3.-** Admitirase, sen limitación de número, a aliñación de xogadores con licenza prebenxamín nun equipo benxamín.
- 4.4.-** Admitirase, sen limitación de número, a aliñación de xogadores benxamíns doutros equipos do mesmo club na fase final.
- 4.5.-** O balón oficial será o Molten Pequevoley V5-SPMB / SP1. Autorízase tamén, en ausencia do anterior, o uso de un balón de similares características técnicas que ten que ser autorizado pola FGVb.

CAMPIONATO GALEGO PREBENXAMÍN

Normas específicas de Competición

Tempada 2026-2027

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición todos os equipos que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición.

As licenzas tramitaranse por cada club, sen limite de xogadores nun mesmo cuádruplo. Sendo preciso inscribir os equipos en cada unha das probas a celebrar.

As inscricións a cada unha das probas realizaranse antes das 12:00h do martes anterior a cada unha destas, podendo escoller cada club, o número de equipos participantes e a composición dos mesmos en base ás licenzas que nese momento teña tramitadas, cun mínimo de catro e un máximo de 10 xogadores por equipo.

2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Cada Club poderá inscribir ata un máximo de 5 equipos por categoría e xénero en cada proba e constará de unha fase, que se estruturará en probas abertas a calquera club galego. Farase un mínimo de cinco probas en formato de concentración, o número mínimo de equipos necesario para levar a cabo unha proba será de tres.

O sistema de competición de cada proba dependerá do número de equipos inscritos pero deberá garantir que cada equipo xogue como mínimo 2 encontros.

3.- CLASIFICACIÓN

Establecerase unha clasificación xeral de todos os grupos atendendo aos seguintes criterios:

- En cada proba ou torneo establecerase unha clasificación e outorgaranse puntos en función desta para cada equipo. Os puntos outorgaranse ao club ao que pertenza o equipo. Estes puntos iranse sumando nunha lista ou ranking que definirá á conclusión de todas as probas, a clasificación definitiva, sendo o equipo que ocupe a primeira posición da clasificación o campión galego da categoría.
- Cada proba terá un valor igual a 10 (dez) puntos, multiplicados polo número total de equipos participantes nela. Este valor repartirase entre os dez primeiros equipos clasificados da seguinte forma:
 - o 1º equipo clasificado 100% do Valor da proba.
 - o 2º equipo clasificado 50% do valor da proba
 - o 3º equipo clasificado 25% do valor da proba
 - o 4º equipo clasificado 20% do valor da proba
 - o 5º equipo clasificado 15% do valor da proba
 - o 6º equipo clasificado 10% do valor da proba
 - o 7º equipo clasificado 5% do valor da proba
 - o 8º equipo clasificado 4% do valor da proba
 - o 9º equipo clasificado 3% do valor da proba
 - o 10º equipo clasificado 2% do valor da proba

- En caso de empate a puntos aplicaranse os baremos de partidos gañados, coeficiente de sets, coeficiente de puntos e resultados dos enfrontamentos directos entre os equipos empatados.

4.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

4.1.- Esta competición disputarase en categoría masculina e feminina.

4.2.- Non haberá límite no número de licenzas que se poden tramitar de xogadores que non teñan a RFEVB como Federación de orixe, sempre que non se supere o número máximo de licenzas permitido por equipo.

4.3.- O balón oficial será o Molten Pequevoley V5-SPMB / SP1. Autorízase tamén, en ausencia do anterior, o uso de un balón de similares características técnicas que ten que ser autorizado pola FGVb.

COPA GALICIA

Normas específicas de Competición

Tempada 2026-2027

1.- PARTICIPANTES

Poderán participar na competición os catro equipos masculinos e femininos mellor clasificados na tempada 2025-2026, que estean ao corrente de pago das débedas ca FGVb e que teñan tramitado en tempo e forma a inscrición na competición.

2.- CRITERIOS DE COMPOSICIÓN DA COMPETICIÓN

Esta competición constará dunha única fase en formato semifinal e final a xogar a partido único no mesmo día nunha sede fixada pola FGVb, no Campionato Galego da categoría .

3.- CLASIFICACIÓN

A clasificación final da competición determinarase polos resultados obtidos na fase única.

Emparellamentos:

Semifinal 1:	1º Clasificado - 4º Clasificado
Semifinal 2:	2º Clasificado - 3º Clasificado
Final:	Gañador Semifinal 1 - Gañador Semifinal 2

4.- INSCRICIÓN E LICENCIAS

4.1.- Para que un equipo poida ser inscrito o club ao que pertenza deberá estar afiliado á FGVb e presentar na FGVb o modelo NG1.

4.2.- Os equipos poderán inscribir un mínimo de 8 e un máximo de 14 xogadores por equipo

ANEXO I: DATAS DE CELEBRACIÓN

Datas	1ª, 2ª e 3ª Divisións	4ª Divisións	COMPETICION AUTONOMICA	COMPETICION NACIONAL
13/09/2026	Fase I - X1			
20/09/2026	Fase I - X2	Copa Federación		Copa Iberica
27/09/2026	Fase II - X1		Copa Galicia	
4/10/2026	Fase II - X2			Inicio SL1F, SL2F, SL2M 2, 1ªDSM e 1ªDSF
18/10/2026	1ª		Inicio da 1ª, 2ª e 3ª Divisións	Inicio SL1M
25/10/2026	2ª			
1/11/2026	3ª			
8/11/2026	4ª			
15/11/2026	5ª	1ª	Inicio das 4ª Divisións	
22/11/2026	6ª	2ª		
29/11/2026	7ª	3ª		
13/12/2026	8ª	4ª		
20/12/2026	9ª	5ª		
27/12/2026				SUPERCOPA
10/01/2027	10ª	6ª		COPA PRINCIPE-PRINCESA
17/01/2027	11ª	7ª		
24/01/2027	12ª	8ª		
31/01/2027	13ª	9ª		
7/02/2027				SL1M: COPA DEL REY
14/02/2027	14ª	10ª		
21/02/2027	15ª	11ª		
28/02/2027	16ª	12ª		
7/03/2027	17ª	13ª		COPA DE LA REINA
21/03/2027	18ª	14ª	FIN da Liga Regular Autonómica	FIN: SL2F, SM2, 1ªDSF, 1ªDSM
4/04/2027	C.G. XUVENIL	2ª Fase		
11/04/2027	C.G. JUNIOR	2ª Fase		
18/04/2027	C.G. CADETE	2ª Fase		FF 1ªD SENIOR y SL2
25/04/2027	C.G. SENIOR + INFANTIL	2ª Fase		
2/05/2027			CE XUVENIL	
9/05/2027	C.G. ALEVIN	2ª Fase	CE JUNIOR	
16/05/2027	C.G. BENXAMIN	2ª Fase		
23/05/2027			CE CADETE	FF 2ªD SENIOR RFEVB
30/05/2027			CE INFANTIL	
13/06/2027			CE ALEVIN	
20/06/2027			CE BENXAMIN	
27/06/2027			CE SSAA	